



RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

OFERTA E SELECCIÓN PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE CINCO PERSOAS DESEMPREGADAS, AO AMPARO DA ORDE DO 12 DE DECEMBRO DE 2017 (DOG núm.9 do 12 de xaneiro de 2018) E A ORDE DO 5 DE XULLO DE 2018, POLA QUE SE AMPLÍA A DOTACIÓN ORZAMENTARIA PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS ESTABLECIDAS NA ORDE DO 12 DE DECEMBRO DE 2017, DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA.

As presentes bases regulan o procedemento selectivo para a contratación de cinco persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA para o programa denominado “*Mellora e Acondicionamento de Espazos Públicos, Zonas Verdes e Áreas Recreativas*”, ao amparo da Orde do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en risco de exclusión social perceptoras ds Risga e se aproba a súa convocatoria para o ano 2018 (DOG núm.9 de 12 de xaneiro de 2018), e a orde do 5 de xullo de 2018, pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesións das axudas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, para levar a cabo obras ou servizos de interese social e utilidade colectiva que sexan competencia das entidades locais, tal como establece a citada orde, subvención da Economía, Emprego e Industria, concedida a esta entidade a través de Resolución de data 10 de outubro de 2018.

As prazas ofertadas, teñen as seguintes características:

- *Dous Peóns da construción:*
 - 1.Duración: Sete meses
 - 2.Xornada: Tempo parcial, 75% da xornada laboral
 - 3.Retribucións Salariais:
 - Salario Bruto mensual, incluída prorrata pagas extras: 1.080,18 €
 - Seguridade Social-Cota Patronal: 408,30 €

- *Tres Peóns forestais:*
 - 1.Duración: Sete meses
 - 2.Xornada: Tempo parcial, 75% da xornada laboral
 - 3.Retribucións Salariais:
 - Salario Bruto mensual, incluída prorrata pagas extras: 869,53 €
 - Seguridade Social-Cota Patronal: 328,68 €

O carácter temporal destas prazas, unido á necesidade de que a selección se faga dentro dos prazos sinalados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria fai que se aproben os seguintes criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, DISPOÑO:

- 1.- Avoca-la competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local sobre este asunto
- 2.- Aproba-las correspondentes ofertas de emprego das prazas antes mencionadas, tendo en conta que só poderán optar a elas os/as candidatos/as que previamente remita ao Concello o Servizo Público de Emprego.
- 3.- Aproba-los seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a selección dos postos de traballo mencionados, segundo o baremo exposto a continuación.

BASE PRIMEIRA. REQUISITOS:

- a) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación forzosa.
- b) Posuir capacidades funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van a realiza.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- e) Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, dacordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España e a súa integración social.
- f) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- g) Dacordo có establecido no artigo 12 da *Orde do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en risco de exclusión social perceptoras da Risga*, “Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser en todo cso persoas perceptoras da Risga e estar inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares”.

BASE SEGUNDA. PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na súa electrónica. O taboleiro de anuncios da Casa do Concello e a Sede electrónica, será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

BASE TERCEIRA. SISTEMA DE SELECCIÓN:

O Concello de As Neves presentará a correspondente oferta de emprego na Oficina de Emprego de Ponteareas, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán.

A Oficina de Emprego de Ponteareas notificará aos candidatos preseleccionados a oferta

de emprego e nesta notificación achegaralle información da documentación que se presentará no Concello.

A Oficina de Emprego de Pontareas remitirá ao Concello de As Neves o listado con tódolos candidatos propostos e notificados, que será trasladado ao Tribunal de selección. A selección realizarase mediante o sistema de concurso, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

BASE CUARTA.- DOCUMENTACION E PRESENTACION DE SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia anexo a estas bases, no Rexistro Xeral do Concello o día en que sexan convocados pola Oficina de Emprego, para presentar a documentación requirida e poder participar no proceso selectivo.

Xunto coa instancia deberán presentar a seguinte documentación:

Copia compulsada do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade e personalidade.

Certificado de períodos de inscrición como demandante de emprego.

Solicitud. Anexo I

Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles.

Anexo II. Declaración xurada

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

Toda a documentación achegada en copia deberá presentarse compulsada.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

BASE QUINTA. DESENVOLVEMENTO E FORMA DA FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS:

Os méritos que se terán en conta para a cobertura das prazas, serán os seguintes:

A.- Circunstancias persoais:

Para a baremación dos méritos terase en conta o establecido no artigo 12 da Orde do 12 de decembro, polo que terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras de Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e os maiores de 45 anos eo os que teñan cargas familiares.

1.- **Existencia de responsabilidades familiares cun máximo de 1,50 puntos**, e entendéndose por éstas, ter a cargo da persoa desempregada e sen percibir ningún tipos de ingresos: o/a cónxuxe, fillo/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as. Valorarase, 0,50 puntos por cada persoa ó seu cargo, previa acreditación documental.

Os méritos incluídos neste apartado deberán xustificarse achegando fotocopias do libro de familia, xustificante de convivencia expedido polo Concello e calquera outra documentación que acredite a existencia destas responsabilidades, ademais a

discapacidade deberá xustificarse achegando fotocopia do certificado que acredite a incapacidade.

- Persoas que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral: **1,50 puntos**
- Maiores de 45 anos: **1,50 punto**
- Situación de desemprego para os candidatos que leven máis dun ano en situación de desemprego: **máximo 0,50 puntos**, en razón de 0,15 puntos por cada 6 meses en situación de desemprego (computándose a partir do primeiro ano mínimo para a baremación deste mérito). Acreditarase mediante certificado de períodos de inscrición pola Oficina de Emprego.

B.- Formación Profesional. Pola participación en cursos, xornadas, congresos, seminarios, impartidos pola Escola Galega de Administración Pública ou calquera outro organismo competente para impartilos, sempre que teñan relación coas funcións propias do posto de traballo (non se valorará a estes efectos os cursos que se consideren repetidos por ter un contido sustancialmente igual, valorándose nestes últimos casos só o de máis nivel e duración), ata un máximo de **1,00 puntos**, baremados do seguinte modo:

- Cursos ata 20 horas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos por curso
- Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos por curso
- Cursos de de 101 a 250 horas: 0,25 puntos por curso
- Cursos de de 251 a 500 horas: 0,35 puntos por curso
- Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos por curso
- Programas formativos de alternancia Formación-Emprego, rematados satisfactoriamente (tipo Obradoiros de Emprego ou Escolas-Taller): 1 punto
- Por xornadas, seminarios ou congresos, ou cursos nos que non veñan especificados o nº de horas: 0,05 puntos por curso ou xornada

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación ou copia cotexada do diploma expedido pola entidade organizadora.

E.- Entrevista persoal:

Tódolos candidatos deberán realizar unha **entrevista** cos membros da Comisión de Selección na que se tratarán tódolos aspectos relacionados coas funcións a desenvolver. A presentación á entrevista de selección é de obrigado cumprimento para a valoración do proceso selectivo.

Puntuación máxima deste apartado 3,00 puntos

En caso de empate contratarase á persoa que acredite maior antigüidade na situación de desemprego.

Previamente a contratación do/a traballador/a seleccionado, se levará a cabo a compulsión da documentación aportada, a vista dos orixinais.

BASE SEXTA. COMISIÓN DE VALORACIÓN:

Tal como establece o artigo 12 c) da *Orde do 9 de maio de 2017* a selección dos traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da entidade beneficiaria e os equipos de inclusión sociolaboral dependentes

do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, , que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros.

- Presidenta: Ramona Giráldez Carballo ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
 - Un representante da Consellería de Economía e Emprego e Industria, que será o Director da oficina do Servizo público de emprego de Galicia competente na tramitación da presente oferta de emprego.
 - Un/ha representante do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.
Noelia Rodríguez Corbillón, Traballadora Social do Concello, ou persoa en quen delegue.
- Secretaria: M^a Esperanza Goyanes López ou persoa en quen delegue.

BASE SÉTIMA.- Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a Comisión formulará a correspondente proposta de designación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación.

En caso de baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigurosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos da Orde de *Orde do 12 de decembro de 2017*.

No suposto de que a lista de reserva se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo, dacordo cos criterios da Orde de Convocatoria e os prazos establecidos de finalización do contrato.

O Sr. Alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral de interese social, en base aos artigos 12 e 15 do Estatuto dos Traballadores, regulados por Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo polo que se aproba o texto da Lei do Estatuto dos Traballadores.

BASE OITAVA. INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e ós/ás aspirantes que participen no proceso. O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

BASE NOVENA. NORMA FINAL.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo xeito, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

O mandou e asina o Sr. Alcalde-Presidente, Don Xosé Manuel Rodríguez Méndez, ante min, a Secretaria-Interventora, D^a M^a Jesús Rodríguez Freire, nas Neves, na data sinalada no marxe deste documento, asinado electrónicamente.



Concello
As Neves